

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003 (relacionado co expediente 2024/A008/000020)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)

TRÁMITE: ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL

En Dodro, sendo ás 08:30 horas do día 22/05/2024, reúnese no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a contratación mediante oposición de 1 peón/peoa forestal, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 206/2024 de 02/05/2024, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Efectuada a oferta a través da oficina de Emprego Santiago Norte, núm. 12-2024-4096 (peóns/peoas forestais), foi remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as para a selección.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

Presidente:

Avelino Citoula Romero, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Roberto Grela Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: M^a Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

O presidente declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador pon en común o contido da proba da oposición. O primeiro exercicio da oposición que, segundo as bases reguladoras que rexen este proceso de selección, terá relación coas tarefas a desenvolver no posto de traballo de peón/peoa forestal: labores de prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa.

A proba práctica da oposición consistirá na realización das seguintes probas prácticas:

1. En rozadoira, montaxe de cabezal de fío, con encordado incluído, montaxe de disco de tres puntas, e colocación de equipos de protección individual. Máximo 6 minutos de tempo.
2. Montaxe de sabre e cadea na motoserra, e tensado adecuado. Máximo 5 minutos de tempo.
3. Carga de carreta con catro toros de madeira, transporte e descarga no lugar indicado polo tribunal. Máximo 2 minutos de tempo.

O Tribunal decide que o criterio de valoración será a correcta execución da proba nun tempo máximo de realización, outorgando puntuación pola correcta execución e o menor tempo de realización. Asignarase maior puntuación a quen realizou a proba no menor

tempo. A mala execución da proba e/ou o exceso do tempo será penalizado.

Esta proba práctica valorarase entre 0 e 10 puntos, o Tribunal Cualificador decide que para superar esta proba é necesario acadar unha puntuación de 4 puntos.

Sendo ás 09:00 horas o Tribunal Cualificador procede, no Pavillón Polideportivo de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes admitidas ao proceso de selección, estando presentes as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
Bondad Seoane, Eduardo	***889***
Bustelo Rial, Javier	***842***
López Fraga, Manuel	***040***
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***
Varela Castro, Luis Alberto	***952***

Realizada a proba por todos/as os/as candidatos/as, o resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación PROBA 1ª (máximo 3 puntos)	Puntuación PROBA 2ª (máximo 3 puntos)	Puntuación PROBA 3ª (máximo 4 puntos)
Bondad Seoane, Eduardo	***889***	1,90	2,20	3,40
Bustelo Rial, Javier	***842***	3,00	3,00	2,80
López Fraga, Manuel	***040***	1,30	2,10	4,00
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***	2,20	0,00	2,20
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	1,60	2,40	1,60

Finalizada a proba o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros, outorga aos aspirantes a seguinte puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	TOTAL
Bondad Seoane, Eduardo	***889***	7,50
Bustelo Rial, Javier	***842***	8,80
López Fraga, Manuel	***040***	7,40
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***	4,40
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	5,60

Continúa o proceso de selección coa realización do segundo exercicio da fase de oposición; teñen que realizar este segundo exercicio as persoas que non acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega.

Ás 10:30 horas, procédese ao chamamento por orde alfabética das persoas que deben realizar a proba, que son as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
Bondad Seoane, Eduardo	***889***
Bustelo Rial, Javier	***842***
López Fraga, Manuel	***040***
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio, cualificándose de APTO ou NON APTO.

A proba está adaptada ao nivel de Celga 1 e consiste nunha proba escrita que durará 30 minutos. Esta composta por un texto que os/as aspirantes deben de ler e sinalar se as dez afirmacións que aparecen deseguido son verdadeiras (V) ou falsas (F).

Finalizada a proba escrita, os/as aspirantes acadan o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	APTO-A / NON APTO-A
Bondad Seoane, Eduardo	***889***	APTO
Bustelo Rial, Javier	***842***	APTO
López Fraga, Manuel	***040***	APTO
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***	APTO

Finalizados os exercicios do proceso selectivo, o Tribunal Cualificador procede a establecer a puntuación final dos/as candidatos/as, co resultado seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
Bondad Seoane, Eduardo	***889***	7,50
Bustelo Rial, Javier	***842***	8,80
López Fraga, Manuel	***040***	7,40
Oliveira Figueroa, Salvador	***558***	4,40
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	5,60

Sendo o resultado ordenado por puntuación total decrecente o seguinte:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
Bustelo Rial, Javier	8,80
Bondad Seoane, Eduardo	7,50
López Fraga, Manuel	7,40
Varela Castro, Luis Alberto	5,60
Oliveira Figueroa, Salvador	4,40

A vista de todo o anterior exposto, ás 11:30 horas o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para exercer o presente

procedemento de selección, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE, a contratación como peón forestal a Javier Bustelo Rial.

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica o resultado obtido por cada un dos/as aspirantes e a proposta de nomeamento. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro

Terceiro.- Establecer unha lista de reserva coas persoas aspirantes que non foron propostas para a súa contratación por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas, incluírase por orde decrecente de puntuación, aoa efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso.

- 1º Bondad Seoane, Eduardo
- 2º López Fraga, Manuel
- 3º Varela Castro, Luis Alberto
- 4º Oliveira Figueroa, Salvador

Sendo ás 12:00 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

O presidente



Avelino Citoula Romero

A secretaria



María Elisabet Domínguez
Rodríguez

O vogal



Roberto Grela Castro

O vogal



Natividad Lorenzo Campos

O vogal



Fernando González Ares